



# SEREA

## SEASIDE REORIENTATION ACTIVITIES RESUMEN DO PROXECTO



**SEREA - VS/2006/0345**

O **obxectivo** deste proxecto é impulsar a creación dun modelo e estrutura estable de xestión para o desenvolvemento socioeconómico e laboral de empresas e traballadores do sector pesqueiro, situados en zonas da beiramar cuxa principal fonte de ingresos provén da pesca.

O **solicitante do proxecto** foi o Centro Tecnolóxico del Mar- Fundación CETMAR, o proxecto inclúe **socios nacionais** (*Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Federación Galega de Confrarías, Confraría de Pescadores de Cedeira, Confraría de Pescadores de San Antonio, Confraría de Pescadores de Lira, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e CEIDA*); **socios transnacionais** (*Societá Cooperativa di Pescatori "SU PALLOSU", Coopérative Audierne*); **socios transnacionais invitados** (*The National Board of Fisheries of Latvia; The Latvian Fisherman Federation*).

Dentro dos **obxectivos específicos** do proxecto están:

- Fomentar unha actitude de orientación cara o cambio en rodas as partes interesadas do sector da pesca artesanal e marisqueo.
- Crear unha estrutura estable de cooperación entre administración pública, centros de investigación, organizacións/confrarías de pescadores e mariscadoras, para o desenvolvemento socioeconómico e laboral do sector pesqueiro artesanal e do marisqueo, definindo funcións e responsabilidades para cada tipo de entidade participante.
- Impulsar unha participación activa dos principais afectados, na proposición de medidas para unha continua adaptación ao cambio, mediante a consulta e delegación de responsabilidades a escala de grupo e proporcionando unha información completa e transparente.
- Fomentar a filosofía participativa como medida para prever a resistencia ao cambio.



### SEREA - VS/2006/0345

- Contribuír á sensibilización dos empresarios e traballadores do sector da pesca artesanal e do marisqueo para a orientación cara o desenvolvemento sostible, nas súas prácticas económicas e laborais.
- Adoptar medidas concretas para a sensibilización de empresarios e traballadores do sector da pesca artesanal e o marisqueo cara o pescaturismo e/ou ititurismo como actividade económica complementaria dentro do sector e nas zonas xeográficas obxectivo do proxecto.
- Definir un plan estratéxico de actuacións, en base a un diagnóstico de necesidades, para unha progresiva reorientación socioeconómica do sector a un horizonte de tres anos.
- Introducir un modelo de “vivir a experiencia” como mecanismo para facilitar el proceso de cambio e/ou reestructuración.
- Impulsar o desenvolvemento dun servicio de asesoramento para a recualificación profesional de empresarios e traballadores, de cara á adaptación ao cambio, sendo asumido dende as propias confrarías/organizacións de mariñeiros e mariscadoras.
- Promover accións concretas de alfabetización dixital entre as principais partes interesadas (empresarios e traballadores do sector da pesca artesanal e o marisqueo) para facilitar a súa adaptación ao uso xeneralizado das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

O desenvolvemento do modelo e estrutura estable de xestión da reestructuración do sector realizarase en Galicia, en concreto, nas zonas de Cambados, Carnota e Cedeira.

Nesta rexión e zonas xeográficas agruparanse as boas prácticas e experiencias exitosas analizadas nas demais zonas obxectivo do proxecto (Italia e Francia), xunto aos novos mecanismos postos en práctica durante a execución do proxecto.



**SEREA - VS/2006/0345**

O modelo e estrutura resultante (no caso de validarse como boa práctica) será transferido no seu conxunto a outras zonas xeográficas de características similares, así como a outros sectores económicos.